

**DON MAXIMINO JARDÓN PEDRAS, Secretario do Concello de Allariz, na provincia de Ourense,**

**CERTIFICA:** Que, o **Pleno** desta Corporación, na **sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2016**, adoptou, entre outros, un acordo que, na súa parte dispositiva establece:

.../...

**3. CONTA XERAL 2015. Aprobación definitiva, se procede.**

.../...

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado do que deu conta o Alcalde,

Resultando que a Conta Xeral foi dictaminada con carácter inicial e favorablemente pola Comisión de Facenda, Persoal e Réxime Interior, en calidade de Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada o día 25 de maio de 2015, sendo exposta a información pública mediante anuncio publicado no BOP nº 122, de 28 de maio de 2016, por prazo de 15 días, durante os cales e 8 mais, os interesados podían presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Resultando que durante o prazo de exposición pública non consta que se presentara reclamación algunha contra a citada conta.

De conformidade co dictamen favorable da comisión especial de contas de data 26/07/2016, o Pleno, pola maioría simple dos seus concelleiros, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (6), co voto en contra dos concelleiros do grupo municipal do PP (2), **ACORDA:**


Primeiro.- Aprobala Conta Xeral do Concello de Allariz correspondente ó exercicio de 2015.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde para que asine e expida cantos documentos sexan necesarios para a debida execución deste acordo.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido a presente ó amparo do disposto no artigo 206 ROF, a reserva dos termos que resulten da aprobación da correspondente acta, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Allariz a 3 de outubro de 2016.

Visto e Prace,  
O ALCALDE,



CONCELLO  
DE ALLARIZ